

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de  
Oza-Cesuras  
Lois, 33-  
15388 Oza (A Coruña)

Reclamante: XXX  
Expediente. Nº RSCTG 33/2024

Correo electrónico: XXX

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista a reclamación presentada por XXX mediante escrito do 12 de Febreiro de 2024, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 30 de Abril de 2024, adopta a seguinte resolución:

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.** XXX presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 12 de Febreiro de 2024, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a

O reclamante indicaba que non recibiu resposta á súa solicitude

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada, asinada con certificado electrónico.

**Segundo.** Con data do 15 de Febreiro de 2024 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello de Oza-Cesuras para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola Administración foi o 19 de febreiro de 2024

**Terceiro.** Con data do 8 de abril de 2024 o Concello de Oza-Cesuras, remite informe e copia do expediente solicitado.

Neste informe, indica que a Orde do 26 de novembro de 2018 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda pola que se aproba a proposta de Ordenanza de protección contra a contaminación acústica de Galicia, establece que a aplicación práctica da lexislación en materia de contaminación acústica é maioritariamente competencia dos concellos e debe ser desenvolvida a nivel local, para adecuala ás súas propias circunstancias mediante ordenanzas municipais. Algúns concellos non teñen capacidade para elaborar as ditas ordenanzas, polo que o Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, previu que a consellería competente en materia de medio ambiente aprobase, mediante orde, unha proposta de ordenanza de protección contra a contaminación acústica de aplicación aos concellos que así o decidan e nos termos que consideren.

A proposta de ordenanza elaborada pola Consellería de Medio Ambiente ten como finalidade facilitar aos concellos galegos, a elaboración da súa propia ordenanza contra a contaminación acústica, sendo o citado documento de carácter orientativo e, non vinculante, debendo considerarse en cada caso as modificacións necesarias para adaptalo ás características e necesidades concretas do municipio, e sempre tendo presente a autonomía local. No Concello de Oza-Cesuras non existe demanda veciñal ao respecto, nin problemas de convivencia motivados polo ruído polo que non se considera necesaria a aprobación dunha ordenanza municipal sobre ruído.

Con data do 5 de abril de 2024, remitiuse escrito ao reclamante no que se lle comunicou que non existe ningunha regulación municipal específica relacionada con esta materia.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión

da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

### **Segundo. Procedemento aplicable**

O artigo 23.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 137 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 137 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

O Concello non resolveu a solicitude de acceso á información dentro do prazo que dun mes que establece a Lei, senón que resolveu con data do 5 de abril de 2024, unha vez que o interesado tiña presentada reclamación ante esta Comisión, polo que debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

O interesado solicitou acceso á ante o Concello á normativa relacionada cos ruídos e coa contaminación acústica que ten ese concello nas súas ordenanzas, sen obter resposta.

Sen entrar a valorar se a solicitude a unha Administración de que se le remita a normativa que regula unha materia, constitúe ou non acceso á información pública, no presente caso se ben o Concello non resolveu en prazo a solicitude de acceso á información, ditou resolución expresa que notificou ao interesado con posterioridade a que este presentara reclamación ante esta Comisión.

De acordo co anterior, procede estimar por motivos formais a presente reclamación, sen prexuízo de que si o reclamante estímalo conveniente, poida presentar reclamación ante esta Comisión fronte á dita resolución expresa, para que na tramitación da mesma poidan ser analizados os seus argumentos, pronunciándose a resolución que corresponda.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión de Transparencia

En base aos feitos e fundamentos xurídicos anteriormente expresados,

### **ACORDA**

**Único:** Estimar por motivos formais a reclamación presentada por XXX con data do 12 de Febreiro de 2024, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude presentada o 28 de outubro de 2023, ante o Concello de Oza-Cesuras, de acceso a normativa relacionada cos ruídos e coa contaminación acústica que ten ese concello nas súas ordenanzas.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/19937, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, na data da sinatura.

María Dolores Fernández Galiño  
**Presidenta da Comisión da Transparencia.**